

PLAN DE CONVIVENCIA

1. INTRODUCCION
2. OBXECTIVOS DO PLAN
3. ORGANOS :
 - 3.1.-OBSERVATORIO DE CONVIVENCIA
 - 3.2.-COMISION DE CONVIVENCIA
 - 3.3.-AULA DE CONVIVENCIA
 - 3.4.-AULA DE TRABALLO INDIVIDUALIZADA
 - 3.5.-EQUIPO DE MEDIACION
4. NORMAS DE CONVIVENCIA.

INTRODUCCION

A convivencia no Centro non se pode circunscribir a problemas de disciplina nas aulas. O seu ámbito é moito mais extenso, trata da relación entre os distintos estamentos :profesores, alumnos, nais e pais, titores e titoras e persoal administrativo, coa finalidade de conseguir respecto e participación no desenrolo da actividade educativa.

O Plan de Convivencia do Centro mostra as normas básicas de convivencia, os órganos que coordinan e atenden a intereses e conflitos e as normas de organización e funcionamento que conteñen dereitos e deberes e medidas correctivas.

Obxectivos do plan de convivencia.

- Garantir un respecto mutuo que optimice os recursos educativos.
- Fomentar o respecto dos dereitos e liberdades na igualdade de trato, evitando a discriminación das persoas.
- Sensibilizar aos distintos sectores que interveñen no proceso educativo sobre a importancia que a convivencia desempeña no desenvolvemento persoal e social do alumnado.
- Fomentar a participación de tódolos axentes educativos na mellora da convivencia.
- Establecer sistemas de resolución pacífica e dialogada de conflitos.
- Fomentar a comunicación entre o profesorado e as nais e país ou as titoras ou titores.
- Favorecer un clima de respecto e participación na aula.
- Fomentar valores, actitudes e prácticas que permitan mellorar o grao de aceptación e cumprimento das normas de convivencia.

ÓRGANOS

2.1 Observatorio de Convivencia.

Definición:

Un órgano colexiado para reflexionar e investigar en relación co estado de convivencia no Centro e deseñar estratexias que se deberán adoptar para o fomento da cultura de paz e para mellorar o clima da convivencia escolar.

Funcións:

- a) A participación na dinamización do plan de convivencia do Centro e na Mediación Escolar.
- b) A elaboración dun informe anual sobre a análise da convivencia e conflictividade no seu ámbito, así como sobre as iniciativas a nivel do Centro. Este informe será trasladado ao Observatorio de Convivencia Escolar a nivel provincial.
- c) A coordinación de actuacións conxuntas dos ámbitos implicados e relacionadas coa mellora da convivencia.
- d) Propoñer á Administración educativa todas aquelas medidas que se consideren oportunas para a mellora da convivencia escolar no Centro.
- e) Aqueloutras que lle sexan encomendadas pola Administración educativa ou polo Observatorio da Convivencia Escolar a nivel provincial.

Composición:

O Observatorio do Centro está integrado por:

- a) O director ou directora do Centro, a quen lle corresponderá a presidencia.
- b) O xefe ou xefa de estudos, a quen lle corresponderá a vicepresidencia.
- c) Catro representantes do profesorado.
- d) A orientadora do Centro.
- e) Un representante do alumnado.
- f) Unha persoa da asociación de país e nais con mais representatividade no Centro.
- g) Unha persoa representante do persoal non docente.

Unha das persoas anteditas, con destino no Centro , actuará como secretario ou secretaria e levantará acta.

O Observatorio estará aberto á participación do profesorado titor relacionado co tema que se analice e dos profesionais da sanidade, dos servizos sociais e das asociacións do sector que poidan colaborar na mellora da convivencia escolar.

Nomeamento:

1. O nomeamento das persoas integrantes do Observatorio de Convivencia do Centro corresponde ao director ou directora por proposta dos colectivos representados.
2. O nomeamento dos membros será por un período de dous anos e será renovable por outros dous. No suposto que un dos membros perdese a súa representatividade, procederase ao seu cesamento e designarase una persoa substituta, conforme o sinalado anteriormente e polo tempo que reste de exercicio no cargo.

Funcións dos membros do Observatorio de Convivencia.

Correspóndelles as seguintes funcións:

- a) Asistir ás reunións e participar nos debates, expoñendo a súa opinión e formulando propostas que consideren convenientes.
- b) Propoñerlle á Presidencia, a través da secretaría, a inclusión de puntos na orde do día das sesións ordinarias e formular rogos e preguntas. Cando a proposta de inclusión na orde do día sexa presentada por un terzo dos membros, o tema incluírase na devandita orde do día.

2.2 Comisión de Convivencia

Estará formada polo Director, o Xefe de Estudos, dous profesores, dous alumnos e dous pais, membros do C.E. e elixidos pola forma regulamentada no RRI para calquera das comisións deste Órgano Colexiado

Serán competencias da comisión de convivencia:

- Resolver e mediar nos conflitos disciplinarios
- Canalizar as iniciativas de todos os sectores da comunidade educativa para mellorar a convivencia, respecto mutuo e a tolerancia no centro.
- Garantir os dereitos dos alumnos e impedir a comisión de feitos contrarios ás normas de convivencia.
- Propoñer ao director, por delegación do Consello Escolar, as correccións correspondentes a condutas gravemente prexudiciais.
- Aqueloutras que lle sexan encomendadas polo Consello Escolar.

2.3 Aula de Convivencia

1. FINALIDADE

Tratamento individualizado do alumno que, como consecuencia dunha corrección ou medida disciplinaria, sexa privado de participar no desenvolvemento das actividades lectivas.

O obxectivo principal é propiciar a reflexión sobre as circunstancias que levaron a adoptar tal medida, favorecendo así a responsabilidade do alumnado nos feitos acaecidos.

Pode servir ademais como alternativa á expulsión do Centro Escolar en casos extraordinarios.

2. OBXECTIVOS:

Os obxectivos da AC serán os seguintes:

- Mellorar o clima de convivencia do Instituto tanto dentro da aula como fora dela.
- Habilitar un espazo que proporcione ao alumnado as condicións necesarias para reflexionar sobre as condutas contrarias ás normas de convivencia.
- Posibilitar que aprendan a responsabilizarse das súas propias accións, sentimentos e comunicacións cos demais.
- Axudar ó alumno a adquirir unha boa disposición cara as tarefas escolares.
- Favorecer o adestramento en habilidades sociais que preveñan condutas disruptivas no futuro
- Previr a necesidade de poñer en marcha medidas graves de corrección como pode ser a perda de dereito de asistencia a clase
- Promover a resolución pacífica dos conflitos

3. FUNCÍONS:

As funcións da AC serán:

- Atender ao alumnado cun comportamento ou actitude que estea a impedir o desenvolvemento normal da actividade docente.
- Canalizar os conflitos e as súas posibles solucións aos diferentes órganos de goberno e xestión do instituto.
- Ofrecer solución a algunhas condutas non axeitadas e que se consideran de menor gravidade.

4. CRITERIOS POLOS QUE SE PODE DERIVAR A UN ALUMNO Á AULA DE CONVIVENCIA E PROCEDEMENTO PARA FACELO

Considéranse tres casos diferentes nos que un alumno pode ser enviado á A.C. Cada un deles atende a diferentes circunstancias e segue distintos procedementos.

4.1. Reiteración de faltas leves nunha mesma clase

Trátase de evitar que a reiteración de condutas disruptivas dun alumno impidan desenvolver a clase de xeito adecuado. Utilizarase so nos casos nos que as chamadas de atención do profesorado ou a toma doutras medidas usuais non sexan suficientes para que se produza un cambio de actitude.

O envío á aula de convivencia farase efectivo polo profesor tendo en conta os seguintes criterios e procedementos:

CRITERIOS:

Un alumno poderá ser enviado á aula de convivencia se comete de forma reiterada as seguintes faltas:

- *Alterar o normal desenvolvemento da clase, impedindo ao resto do alumnado o seu correcto aproveitamento (conversas continuadas, risas, ruídos non axeitados, etc).*
- *Non colaborar en repetidas ocasións nas actividades que se lle mandan na aula ou non traer o material axeitado de forma reiterada (material escolar ou vestimenta para as clases de educación física)*

PROCEDEMENTO

1. O profesor, a través do delegado ou do persoal non docente, avisará ao profesor de garda, que será o encargado de levar ao alumno á A.C., indicándolle o traballo que este debe realizar durante o período de permanencia na devandita aula. Así mesmo anotará no SxD o envío a A.C.
2. Ao finalizar a clase o profesor deberá encher a “Ficha de envío á AC” (anexo1) describindo con detalle o acontecido e entregarlle ao coordinador da aula ou poñela no archivador que a tal fin se porá na sala de profesores.
3. O alumno reincorporarase ao seu grupo de referencia no seguinte período lectivo, salvo que a xuízo do profesor da aula de convivencia sexa preciso ampliar o tempo de permanencia. Antes de abandonar a aula deberá cumprimentar a ficha de compromiso.
4. O coordinador da A.C. comunicará á familia e ao titor do alumno das razóns que levaron a adoptar esa medida e o compromiso ao que o alumno se comprometeu
5. Durante o período que dure a estancia do alumno na A.C. os profesores anotarán esa circunstancia no SxD
6. No prazo de quince días o coordinador reunirse co titor e o alumno para ver se cumpriu o compromiso asinado.

Non se utilizará a A.C no caso de que, durante unha clase, un alumno incumpra de xeito grave a normativa de convivencia. Neste suposto o profesor chamará ao profesor de garda, que levará ao alumno á Xefatura de Estudos, cumprimentando ao finalizar a clase o correspondente parte de comparecencia.

A este respecto, considéranse faltas graves as seguintes:

- *Faltar ao respecto ao profesor (negarse a realizar as actividades propostas na clase, ridiculizalo, insultalo, desautorizalo) ou aos compañeiros (insultalos, poñerlles alcumes, ridiculizalos).*
- *Promover ou participar en pelexas.*

- *Conduas como golpes ou desperfetos no mobiliario do centro*
- *Aquelas outras que figuren como tal no noso R.R.I.*

Non se enviarán á A.C. casos nos que se poda resolver o conflito con actuacións dentro da aula

4.2. Reiteración de faltas leves en distintas actividades ou incumprimento do compromiso de convivencia pactado

Trátase de facer reflexionar sobre a súa actitude a aqueles alumnos que teñen comportamentos negativos en diferentes materias ou actividades

O envío á aula de convivencia nestes supostos será decidido polo titor e a xefatura de estudos que actuarán conxuntamente e determinarán o tempo de permanencia que será como máximo de tres días.

CRITERIOS

- *Alumnos que teñen de forma reiterada comportamento negativo en diferentes materias (retrasos, faltas de orde, observacións negativas, etc)*
- *Alumnos que a miúdo manteñen condutas molestas ou perigosas nos corredores ou no patio (carreiras, empurróns, obstaculizar o acceso á aula, etc)..*
- *Alumnos que incumpren o compromiso pactado de convivencia segundo o criterio da coordinadora da A.C.*
- *Alumnos que participaron nalgún conflito de convivencia con outro ou outros compañeiros sen que se considere necesario aplicar medidas extraordinarias de corrección*

PROCEDEMENTO

1. O titor e o xefe de estudos poden decidir que un alumno pase un período de tempo na aula de convivencia ben sexa polas súas observacións sobre a conduta o estudo das anotacións feitas por diversos profesores no SXD, das anotacións nos libros de gardas de recreo, dos avisos do persoal docente e non docente ou por consello da coordinadora da aula de convivencia ante o incumprimento do compromiso pactado. A decisión pode tomarse como substitución ou como complemento da sanción a que as devanditas faltas dean lugar.
2. O Xefe de Estudos dará aviso da decisión ao coordinador da aula de convivencia, indicando o tempo que o alumno debe permanecer na aula. O coordinador indicará se a incorporación pode ser inmediata ou debe pospoñerse algúns días, segundo as previsións de alumnos na aula.

3. O titor comunicará á familia as razóns do envío do alumno á A.C. así como o tempo que durará esta medida. Será así mesmo o encargado de avisar aos profesores do grupo, recoller o traballo que estes lle entreguen para que o alumno o realice durante a súa permanencia na aula e o entregalo á coordinadora.
4. O coordinador o titor e a xefatura de Estudos valorarán a necesidade de que o alumno siga un programa de habilidades sociais. Nesta decisión estarán asesorados polo Departamento de Orientación que sería o encargado de desenvolver o devandito programa
5. No momento en que o alumno se reincorpore ao seu grupo de referencia a coordinadora informará ao titor da actitude que mantivo durante o tempo que durou a medida e dos compromisos acadados. Tamén entregará ao profesorado o traballo relativo coa súa materia que o alumno realizou.
6. No prazo de quince días o coordinador reunirse co titor e o alumno para ver se cumpriu o compromiso asinado
7. Durante o período que dure a estancia do alumno na A.C. os profesores anotarán esa circunstancia no SXD.

4.3. Envío pola Xefatura de Estudos como complemento dunha sanción disciplinaria

Dirixido a alumnos que foron sancionados por unha falta grave ou moi grave contra a normativa de convivencia e que se considere deben reflexionar sobre a súa conduta como complemento desa sanción.

A decisión será tomada directamente pola xefatura de estudos. O tempo máximo de permanencia na aula será de 5 días.

CRITERIOS

- Alumnos que participaron nalgún conflito de convivencia con outros alumnos considerado grave ou moi grave.
- Alumnos que tras a súa sanción subscribiron compromisos de convivencia que aconsellen seguir un programa individualizado na A.C.
- Alumnos que presentan deficiencias na súa autoestima, autocontrol, nas súas relacións persoais ou en calquera outra faceta que aconselle implicalos nun proceso de reflexión e integralos nun programa de habilidades sociais
- Alumnos con necesidade específicas de integración escolar ou social.

PROCEDEMENTO

1. O Xefe de estudos comunicará á familia as razóns do envío do alumno á A.C. así como o tempo que durará esta medida. Tamén trasladará a decisión ao coordinador da aula de convivencia, quen indicará se a incorporación pode ser ou non inmediata en función das previsións de número de alumnos da aula, e ao Departamento de Orientación que se encargará de deseñar o programa de habilidades sociais individualizado.
2. Xefatura de Estudos dará parte ao titor que será o encargado de avisar aos profesores do grupo, recoller o traballo que estes lle entreguen para que o alumno o realice durante a súa permanencia na aula e o entregalo á coordinadora.
3. No momento en que o alumno se reincorpore ao seu grupo de referencia a coordinadora informará ao titor da actitude que mantivo durante o tempo que durou a medida e dos compromisos acadados. Tamén entregará ao profesorado o traballo relativo coa súa materia que o alumno realizou.
4. No prazo de quince días o coordinador reunirse co titor e o alumno para ver se cumpriu o compromiso asinado
5. Durante o período que dure a estancia do alumno na A.C. os profesores anotarán esa circunstancia no SXD.

5. ACOTACIÓNS:

- Na AC poderán coincidir *como máximo 4 alumnos*
- Un alumno *no* poderá acudir á AC *máis de 3 veces*, cando quen o deriva é o profesor de aula.
- *O tempo máximo de permanencia ao día será de 4 horas (de 2ª á 5ª hora)*
- *O número máximo de días de permanencia na AC será de 5 días.*
- *Un profesor de aula só poderá enviar a 1 alumno por clase.*

6. PROFESORADO DA AC:

- 1) Coordinador da AC: profesor encargado de coordinar ao profesorado e alumnado que pasan pola AC. As súas funcións serán:
 - Coordinar a atención do alumnado que por problemas de conduta non poida permanecer na aula co resto de compañeiros.
 - Levar o rexistro actualizado do alumnado que pasou pola A.C.
 - Achegar aos profesores de garda da A.C. os informes necesarios para que estes podan desenvolver a súa labor e o rexistro dos alumnos previstos (Anexo 10)
 - Deixar diariamente nos arquivos de titoría unha copia das fichas de envío dos alumnos que estiveron na A.C.

- Informar aos titores dos compromisos acadados polos alumnos cando finalice a súa estancia na A.C.
- Informar ás familias dos alumnos enviados a A.C. por un profesor (Anexo 4)
- Derivar os casos atendidos a outras instancias do centro (Xefatura de Estudos ou mediación de conflitos)
- Coordinar reunións periódicas para o seguimento da aula de convivencia.
- Facer periodicamente, cos titores, o seguimento do alumnado que pasou pola aula de convivencia (Anexo 7)
- Coordinarse ca Xefatura de Estudos e cos titores nalgunhas medidas de sanción
- Avaliar o funcionamento da aula de convivencia (Anexo 8)

2) Profesorado de Garda de Convivencia: profesores encargados de vixiar aos alumnos que se atopen nesa aula dentro do horario da mesma. As súas funcións serán:

- Rexistrar a asistencia do alumnado á aula Anexos 2 y 9
- Valorar se na expulsión se seguiron ou non os criterios aprobados Anexo2
- escoitar ao alumno e conseguir que rexistre por escrito as súas percepcións do problema (Anexo 3)
- Establecer compromisos de actuación para a mellora da convivencia (Anexos 11 e 12)
- Traballar co alumnado no coñecemento e aplicación das normas básicas de convivencia e disciplina, así como no proceso de reflexión
- Comprobar que o alumno faga as tarefas encomendadas.

7. Protocolo de actuación do profesorado da A.C.

1. Cando un alumno chegue á aula de convivencia o profesor que estea de garda na aula deberá cumprir o seguinte protocolo:

- *Recoller o parte de envío* (anexo 1) e introducir os seus datos no ordenador.
- *Entrevistar ó alumno* anotando como se desenvolveu a entrevista empregando a “*Ficha de información da AC*” (anexo2), deixando unha copia para o coordinador da AC, que lla trasladará ao titor
- *Recoller por escrito a versión do alumno* na ficha correspondente (Anexo3)
- *Axudar a reflexionar* ao alumno ou alumna sobre da súa conduta. Pode utilizarse para isto as actividades de reflexión que se atopan na aula
- *Vixiar que o alumno realice as tarefas mandadas polo profesor*. En caso de que non lle dea tempo deberá terminalas na casa e entregarllas ao día seguinte ao profesor de garda que estivo con el na A.C.

- *Tentar que o alumno chegue a un compromiso de convivencia e que o recolla por escrito nas fichas correspondentes Ficha de Compromiso I (1ª vez o 2ª por motivo distinto) ou Ficha de Compromiso II (2ª vez). De non producirse este compromiso deberase dar traslado á Xefatura de Estudos (anexos 11 e 12)*
- *Acordar, se é posible, as condicións de regreso á aula, cando o estime oportuno*
- *Arquivar as Fichas na AC.*

2. Se o alumno non pode incorporarse á súa aula ao finalizar o período lectivo, o profesor de garda da A.C. informará ao profesor que teña encomendada a garda na hora seguinte para que este continúe o proceso

3. No recreo o profesor acompañará ao alumno á biblioteca encomendándose a súa vixilancia ao profesor de garda de biblioteca. Ao finalizar este período o alumno volverá á A.C.

4. O coordinador depositará diariamente os partes de expulsión no arquivo do titor

5. O coordinador decidirá co Departamento de Orientación o horario dos alumnos que deben seguir un programa de habilidades sociais que será impartido por algún membro deste departamento

6. No prazo de quince días o coordinador reunirse co titor e o alumno para ver se cumpriu o compromiso. En caso negativo trasladarase o informe á Xefatura de Estudos

8. INSTALACIÓNS E MATERIAL DIDÁCTICO:

A AC do centro se atopa na planta primeira do edificio, no seminario 1.

Esta aula debe posuír:

- Un ordenador portátil cunha base de datos para rexistrar ao alumnado que pasa por ela.
- Unha carpeta co protocolo da AC e fotocopias das fichas necesarias para o seu funcionamento: control de asistencia do alumnado á aula, fichas de reflexión e auto-observación, compromisos, fichas de comunicación aos pais.
- Un ficheiro con subcarpetas individualizadas por cada alumno que pasou pola aula cun rexistro do tempo que estivo nela, do traballo que realizou e dos seus compromisos.
- Material didáctico elaborado polos distintos departamentos
- Materiais didácticos para a reflexión e para traballar outros aspectos relevantes á convivencia.
- Materiais para traballar as habilidades sociais elaborados polo Departamento de Orientación
- Lista dos grupos de alumnos coa súa dirección e teléfono ou ben acceso ao SXD
- Horario dos grupos

9. HORARIO:

A AC estará a disposición do alumnado 24 horas semanais correspondentes ao horario lectivo, de Luns a Venres dende segunda ata quinta hora.

10. AVALIACIÓN DO FUNCIONAMENTO DA AC:

Avaliaranse as diferentes fases do proceso:

1) A planificación e deseño

2) O desenrolo (avaliación do proceso): quincenalmente o coordinador avaliará estes aspectos.

- O protocolo a seguir
- Revisión de criterios para ser atendido na AC
- Estudo de casos reincidentes
- Grado de efectividade dos compromisos adoptados e a evolución individual dos alumnos derivados.

Ademais, trimestralmente o coordinador da aula fará un informe que o trasladará á Xefatura de Estudos para que de coñecemento á Comisión de Convivencia.

3) Os resultados obtidos: valorarase o grado de consecución dos obxectivos propostos, o nivel de satisfacción dos titores, profesores implicados, así como o dos alumnos e as familias.

2.4 AULA DE TRABALLO INDIVIDUALIZADO.

AULA DE TRABALLO INDIVIDUALIZADA:

Unha das posibles sancións que recolle o RRI é a suspensión da asistencia ao instituto de un a varios días. A presente proposta está pensada para que cumpran esa sanción no instituto aqueles alumnos aos que, polas súas circunstancias familiares ou persoais, non favorecería a expulsión, sendo incluso percibida como un premio e non coma un castigo.

Polo tanto, a ATI será un espazo físico que se atopará na biblioteca, un lugar de traballo para algúns alumnos que son expulsados do centro (perda do dereito a asistencia a clase) por unha falta grave ou ben para aqueles que a XE lles pon como sanción o traballo fora da aula. Será a Xefatura de Estudos a que decida quen debe ter esta medida.

A ATI permanecerá aberta 29 horas semanais e os alumnos que acudan a esta aula terán que facer as tarefas propostas polos profesores seguindo o mesmo horario que si estivesen na súa clase.

Xefatura de Estudos encargárase de informar ao profesorado e de recoller os traballos propostos, enchendo despois a ficha que figura no anexo 5 que se entregará ás profesoras que atenden a biblioteca que serán as encargadas da vixilancia do alumno. As profesoras encargadas da ATI avaliarán cada hora a actitude e o aproveitamento do alumno no ficha do anexo 6. Ao finalizar a xornada, entregarán en xefatura de estudos o traballo realizado para que sexa avaliado polos profesores de cada materia.

Nas horas semanais nas que está cerrada a biblioteca os alumnos quedarán a cargo dun profesor de garda e si non houbera ningún dalgún membro do Equipo directivo.

2.5 EQUIPO DE MEDIACION

A MEDIACION E OS SEUS OBXECTIVOS

O Servizo de Mediación do Centro créase para mellorar a convivencia na comunidade educativa. O Servizo de Mediación está integrado por alumnos e profesores, dedicándose estes últimos a tarefas de coordinación e asesoramento. A función dos alumnos do grupo non se limita á intervención nos conflitos interpersoais do alumnado, se non tamén, a detectar outros problemas de convivencia que poidan xurdir no seu ámbito e animar aos compañeiros a que soliciten os servizos de mediación Existe una Mediación entre iguais que constitúe a forma máis importante de participación do alumnado no Plan de Convivencia do Centro.

Este procedemento conciliado está previsto na Lei de Convivencia . No seu Artigo 20, ao respecto do procedemento conciliado, establece:

1. Regulamentariamente determinarase un procedemento conciliado para resolución de conflitos de convivencia. A participación do alumnado ou dos seus representantes legais terá carácter voluntario, por solicitude do alumnado ou dos seus representantes legais, e esixirá o compromiso de cumprimento das accións reparadoras.
2. A opción pola conciliación suspende o inicio do procedemento disciplinario de corrección de conduta, que se retomará no caso de que a conciliación sexa infrutuosa. O cumprimento das accións reparadoras dará lugar a finalización do procedemento de corrección da conduta contraria á norma de convivencia.
3. No procedemento, formalizado por escrito, incluírase a intervención dunha persoa instrutora e dunha persoa mediadora.

A mediación non substitúe ao conxunto de normas que elabora o Centro no Plan de Convivencia, pero si é un método construtivo na resolución de conflitos. A

posibilidade de recorrer á mediación na resolución conciliada de conflitos , formula un procedemento que se engade no tratamento dalgúns deles:

- Como una medida previa para a resolución de conflitos nos que non se transgride ningunha norma de convivencia do Centro, pero ofrécese a mediación como una posibilidade de abordalos dunha forma pacífica e dialogada.
- Como una medida posterior, reparadora, nos casos de disfuncións da convivencia que se abordan segundo a normativa, pero que mais aló das medidas que o Centro adopte, ofrécese como una oportunidade de reconstrución, de reconciliación e de resolución.

Os conflitos que son tratados na Mediación de maneira maioritaria xorden da relación entre alumnos e alumnas .Conflitos deste tipo son:

1. Facer correr rumores negativos, insultos, alcumes, queixas, malentendidos, ameazas, malas relación, pelexas, diferenzas de opinión, discusións, desacordos, etc.
2. Amizades ou relacións de compañeirismo deterioradas.
3. Persoas que te molestan.
4. Situacións que desagradan ou que se perciben como inxustas.

Non tódolos conflitos son mediables. Cando o servizo de mediación considere que un conflito non pode arranxarse mediante a conciliación, o equipo derivarao aos órganos competentes do Centro: Dirección, Xefatura de Estudos, Orientación ou Comisión de Convivencia.

Convén que se entenda a mediación na súa relación co sistema disciplinario do Centro. Mediación e disciplina non han de confundirse. Por iso, antes de realizar a práctica da mediación, habería que atender ao contexto no que se realiza e sinalar as seguintes precisións:

- A mediación non pode ser vista como un mecanismo que posibilita a negociación das consecuencias do incumprimento das normas. Estas consecuencias son innegociables. Esta confusión socava a integridade e fundamentos do sistema disciplinario.
- A mediación non é parte da disciplina escolar (no sentido de código disciplinario). A solución baseada nos intereses acádase pola colaboración e ha de ser voluntaria.
- Para que esta relación funcione ben é necesario utilizar correctamente a sistema disciplinario, con consistencia. Iso implica que, ao comezar un programa de mediación, o Centro ha de analizar como ha de garantir o cumprimento das normas.

Consideráranse obxectivos da Mediación os seguintes:

- Mellorar o clima escolar.

- Facilitar a comunicación e o entendemento entre as partes.
- Favorecer a resolución de conflitos de maneira pacífica no ámbito escolar.
- Diminuír a aplicación de medidas correctoras.
- Mellorar as relacións interpersoais.
- Participación activa do alumnado na resolución de conflitos.
- Desenrolar una actitude reflexiva e crítica no alumnado.
- Favorecer o desenrolo da habilidades sociais.
- Conseguir un ambiente de respecto e aceptación das normas de convivencia.
- Educar en valores fundamentais para a convivencia: tolerancia, solidariedade e respecto.

Derivación dun conflito ao equipo de Mediación.

Poderán derivarse situacións de conflitos de carácter leve ou medio cando exista vontade das partes implicadas de participar no proceso.

A medida poderá aplicarse ante conflitos entre dúas partes.

O proceso de derivación dun conflito ó Equipo de Mediación contempla as seguintes consideracións:

1. A participación nos procesos de mediación será sempre voluntaria e vai esixir un compromiso de confidencialidade tanto aos mediadores ou as mediadoras que interveñan como aos protagonistas do conflito.
2. No caso de que aínda non se produciran condutas contrarias ás normas de convivencia, un conflito poderá derivarse ó Equipo de Mediación por iniciativa do alumnado implicado, ou a proposta doutros membros da comunidade educativa.
3. No caso de alumnado implicado en conflitos con outros alumnos ou alumnas que supoñan condutas contrarias á convivencia que poderían implicar a imposición dunha sanción, o director ou directora poderá ofrecer ao alumnado implicado ou aos seus representantes legais (pais, nais, titoras, tutores) a posibilidade de acudir á mediación escolar, debendo quedar constancia escrita da aceptación das condicións por todas as partes, así como do compromiso de que, en caso de acordo, aceptárase a realización das situacións que se determinen.
4. No caso anterior o coordinador ou coordinadora do Equipo de Mediación comunicarlle a decisión de derivación aos pais ou nais ou titoras ou titoras do alumnado implicado.
5. De cada caso que se derive a mediación abrírase un expediente onde se reflectirán tódolos detalles relativos ao mesmo. Este expediente será realizado polos mediadores ou mediadoras que inician o caso, dándolle traslado ao coordinador ou á coordinadora.

No caso dun conflito do apartado 3, o coordinador ou coordinadora daralle traslado de expediente ao instrutor

Procedemento conciliado en la resolución de conflitos .(Protocolo de actuación).

Para resolver un conflito usando a mediación seguirase o seguinte protocolo de actuación:

1. Formalizar a solicitude de mediación e entregala a calquera membro do Equipo de Mediación ou ao titor ou titora ou no Departamento de Orientación do Centro.
2. O Equipo de Mediación , una vez formalizada a solicitude, debaterá acerca da pertinencia da mesma e comunicará a decisión aos solicitantes.
3. De considerarse que o caso é mediable, propoñeránselles os mediadores ou mediadoras que se consideren idóneos, respectando no posible as preferencias dos solicitantes.
4. O mediador ou mediadora seleccionado poñerase en contacto coa a outra parte do conflito, daralle a coñecer as características da mediación e informaralle sobre a voluntariedade da mesma.
5. Se a segunda parte dun conflito, non acepta a mediación como forma de resolver o problema, a actuación do mediador ou mediadora rematará nese mesmo momento, posto que non se pode obrigar a ninguén a participar en un proceso negociador.
6. Se a outra parte implicada acepta a mediación ,asignaráselle un mediador ou mediadora respectando, no posible, as súas preferencias
7. Unha vez que cada una das partes contactou co seu mediador ou mediadora, estes oírán ás partes por separado, presentándolles e explicándolles as regras e compromisos que supoñen solicitar a mediación e axudando a que cada parte conte a súa versión do conflito.
8. Farase una reunión conxunta das partes e os mediadores ou mediadoras. Na que os mediadores ou mediadoras :
 - a) Fan as presentacións persoais e explican brevemente como vai se-lo proceso.
 - b) Lembran a confidencialidade e a necesidade dun trato respectuoso cara a outro e cara ós mediadores ou mediadoras.
 - c) Firman un documento obrigándose a gardar o segredo das negociacións e compromiso adoptado.

Intentarase identificar, nesta reunión, en qué consiste o conflito , podendo ocorrer que nesa sesión non se xeren alternativas de solución e se decida convocar una nova reunión.

9. Para rematar o proceso cada una das partes expresará brevemente o acordo ao que se chegue. Este acordo quedará recollido por escrito, polos mediadores ou mediadoras, nun documento que será asinado por tódolos presentes. No documento recolleranse os compromisos que as partes se verán obrigados a cumprir, así como as datas nas que se vai a realizar o seguimento do acordado.

Este acordo terá carácter vinculante para eles e para o Centro no que se refire aos aspectos disciplinarios.

10. Este documento trasladarase ao Coordinador ou Coordinadora do Equipo de Mediación que, nos casos dun conflito con expediente disciplinario en suspenso, será entregado ao Instrutor.

3. NORMAS DE CONVIVENCIA.

As normas de convivencia do Centro figuran no Regulamento de Réxime Interior.

A Lei de Convivencia (D.O.G. nº 136) do 15 de Xullo de 2011 establece que os membros da Comunidade Educativa son titulares de dereitos e deberes de convivencia e participación, polo que han de engadirse algún dereitos e deberes non recollidos no Regulamento de Réxime Interior e que gardan una maior relación co obxecto da propia lei.

Dereitos das nais e país ou das titoras ou titores.

No que se refire a nais e país ou titoras ou titores, engadiranse os dereitos e deberes especificamente relacionados coa finalidade da lei de posibilitar e establecer canles de participación directa no proceso educativo.

- A recibir información sobre as normas que regulamentan a convivencia nos centros (Artigo 6; Dereitos Apartado c))
- A participar no proceso educativo a través de consultas e outros procedementos de participación directa que estableza a Administración educativa . (Artigo 6; Dereitos Apartado e)).

Deberes das nais e país ou das titoras ou titores

Como primeiros responsables da educación dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas, correspóndenlle os deberes seguintes:

- Coñecer as normas establecidas polos centros docentes, respectalas e facelas respectar, así como respectar e facer respectar a autoridade e as indicacións ou orientacións educativas do profesorado no exercicio das súas competencias.(Artigo 6;Deberes Apartado b)).

- Fomentar o respecto polos restantes compoñentes da comunidade educativa.(Artigo 6;Deberes Apartado c))
- Colaborar cos centros docentes na prevención e corrección das condutas contrarias ás normas de convivencia dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas.
(Artigo 6; Deberes Apartado d)).

Dereitos do alumnado.

Recoñécenselle ao alumnado dereitos básicos de convivencia escolar, sen prexuízo dos establecidos nas leis orgánicas de educación:

- Á protección integral contra toda agresión física ou moral, e en particular contra as situacións de acoso escolar.
(Artigo 7;Dereitos Apartado c)).
- A participar directamente no proceso educativo cando sexa consultado pola Administración educativa, nos termos previstos no título IV desta lei (Artigo 7;Dereitos Ap.d)).
- A participar na confección das normas de convivencia e na resolución pacífica de conflitos e, en xeral, a participar na toma de decisión do centro en materia de convivencia (Artigo 7:Dereitos Apartado e)).

Deberes do alumnado.

Recoñécenselle deberes básicos de convivencia:

- Participar e colaborar na mellora da convivencia escolar e na consecución dun adecuado clima de estudo no centro, respectando o dereito dos seus compañeiros ou compañeiras á educación.(Artigo 7;Deberes Apartado a)).
- Respetar a dignidade e as funcións e orientacións do profesorado no exercicio das súas competencias, recoñecéndoo como autoridade educativa do centro. (Artigo 7;Deberes Apartado b)).
- Respetar as normas de organización, convivencia e disciplina do centro docente (Artigo7;Deberes Ap.d)).
- Intervir, a través das canles regulamentarias, en todo aquilo que afecte a convivencia dos seus respectivos centros docentes (Artigo 7;Deberes Apartado f)).

Dereitos do profesorado

Ao profesorado, dentro do marco legal establecido e no ámbito da convivencia escolar, recoñécenselle os seguintes dereitos:

- A ser respectado, recibir un trato adecuado e ser valorado polo resto da comunidade educativa e pola sociedade en xeral no exercicio das súas funcións. (Artigo 8; Dereitos Apartado a)).
- A desenvolver a súa función docente nun ambiente educativo adecuado no que se preserve a súa integridade física e moral (Artigo 8; Dereitos Ap.b))
- A participar e recibir colaboración necesaria para a mellora da convivencia escolar e da educación integral do alumnado. (Artigo 8; Dereitos Apartado c)).
- A que se lle recoñezan as facultades precisas para manter un adecuado ambiente de convivencia durante as clases e as actividades e os servizos complementarios e extraescolares .
(Artigo 8; Dereitos Apartado d)).
- Á protección xurídica adecuada ás funcións docentes (Artigo 8; Dereitos Apartado e)).
- A participar directamente no proceso educativo cando sexa consultado pola Administración educativa, nos termos previstos no título IV desta lei. (Artigo 8; Dereitos Apartado f)).

Deberes do profesorado

Son deberes do profesorado:

- Respetar e facer respetar as normas de convivencia escolar e a identidade, integridade e dignidade persoais de todos os membros da comunidade educativa. (Artigo 8; Deberes Apartado a)).
- Adoptar as decisións oportunas e necesarias para manter un adecuado ambiente de convivencia durante as clases e as actividades e os servizos complementarios e extraescolares, corrixiendo, cando lle corresponda a competencia, as condutas contrarias á convivencia do alumnado ou, no caso contrario, poñéndooas en coñecemento dos membros do equipo directivo do centro. (Artigo 8; Deberes Apartado b)).
- Colaborar activamente na prevención, detección e erradicación das condutas contrarias á convivencia e, en particular, das situacións de acoso escolar. (Artigo 8; Deberes Apartado c)).
- Informar ás nais e pais ou ás titoras ou titores sobre o progreso da aprendizaxe e integración socio educativa dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas, cumprindo as

obrigas de dispoñibilidade dentro do horario establecido no centro para a atención a aqueles que lle imponha a normativa aplicable. (Artigo8; Deberes Apartado d)).

- Informar aos responsables do centro docente e, de ser o caso, á Administración educativa das alteracións da convivencia, gardando reserva e sigilo profesional sobre a información e as circunstancias persoais e familiares do alumnado.(Artigo8;Deberes Apartado e))

Dereitos do persoal de administración e de servizos.

Ao persoal de administración e de servizos dos centros docentes , dentro do marco legal establecido e no ámbito da convivencia escolar, recoñécenselle os seguintes dereitos :

- A desenvolver as súas funcións nun ambiente adecuado no que se preserve a súa integridade física e moral. (Artigo9;Dereitos Apartado b)).
- A participar, no exercicio das súas función, na mellora da convivencia escolar.(Artigo 9;Dereitos Apartado c)).
- Á protección xurídica adecuada ás súas funcións. (Artigo9;Dereitos Apartado d)).
- A participar directamente no proceso educativo cando sexa consultado pola Administración educativa, nos termos previstos no título IV desta lei. (Artigo 9;Dereitos Apartado e)).

Deberes do persoal de administración e de servizos

Son deberes do persoal de administración e de servizos:

- Respetar e colaborar, no exercicio das súas función, para facer que se respecten as normas de convivencia escolar e a identidade, integridade e dignidade persoais de todos os membros da comunidade educativa. (Artigo9;Deberes Apartado a)).
- Colaborar activamente na prevención, detección e erradicación das condutas contrarias á convivencia e, en particular, das situación de acoso escolar. (Artigo9; Deberes Apartado b)).
- Informar aos responsables do centro docente e, de ser o caso, á Administración educativa das alteracións da convivencia, gardando reserva e sigilo profesional sobre a información e as circunstancias persoais e familiares do alumnado.(Artigo 9;Deberes Apartado c))

Condutas contrarias á convivencia e a súa corrección

Como se recolle no Regulamento de Réxime Interior do Centro, estas condutas clasifícanse en condutas gravemente prexudiciais para a convivencia e condutas leves

contrarias á convivencia. (No artigo 14 da lei de convivencia, aparecen –tamén– clasificadas desta forma).

Condutas gravemente prexudiciais para a convivencia.

Ademais das que figuran no Regulamento de Réxime Interior como tales, deberán engadirse aquelas que figurando na presente lei non están alí suficientemente desenvolvidas:

- A gravación, a manipulación e a difusión por calquera medio de imaxes ou información que atenten contra o dereito á honra, a dignidade da persoa, a intimidade persoal e familiar e a propia imaxe dos demais membros da comunidade educativa. (Artigo 15; Ap.d)).
- As actuacións que constitúan acoso escolar consonte o establecido polo artigo 28 desta lei. (Artigo 15;Ap.e)).
- Os danos graves causados de forma intencionada ou por negligencia grave ás instalación e aos materiais dos centros docentes, incluídos os equipos informáticos e o software, ou aos bens doutros membros da comunidade educativa ou de terceiros, así como a súa subtracción.(Artigo 15;Ap.g)).
- Os actos inxustificados que perturben gravemente o normal desenvolvemento das actividades do centro, incluídas as de carácter complementario e extraescolar.(Artigo 15; Ap.h)).
- Portar calquera obxecto, substancia ou produto gravemente perigoso para a saúde ou a integridade persoal de calquera membro da comunidade educativa. En todo caso, reputarase indisciplina grave a resistencia ou a negativa a entregar os obxectos a que se refire o punto terceiro do artigo 11 desta lei cando se é requirido para iso polo profesorado. (Artigo15; Ap.j))

Condutas leves contrarias á convivencia.

Ás condutas especificadas no Regulamento de Réxime Interior do Centro como tales, engadiranse:

- Portar calquera obxecto, substancia ou produto expresamente prohibido polas normas do centro perigoso para saúde ou a integridade persoal do alumnado ou dos demais membros da comunidade educativa ou que perturbe o normal desenvolvemento das actividades docentes, complementarias ou extraescolares, cando non constituía conduta gravemente prexudicial para a convivencia de acordo co apartado j) do artigo 15. (Artigo 16; Ap.b)).

- A non asistencia inxustificada a clase e as faltas reiteradas de puntualidade, nos termos establecidos polas normas de convivencia de cada centro docente (Artigo 16; Ap.c))
- A reiterada asistencia ao centro sen o material e equipamento preciso para participar activamente no desenvolvemento das clases. (Artigo 16; Ap. d)).

Prescrición das condutas contrarias á convivencia (Artigo 17)

1. As condutas gravemente prexudiciais para a convivencia nos centros docentes prescriben aos catro meses da súa comisión e as condutas leves contrarias á convivencia, ao mes.
2. O prazo de prescrición comezará a contarse desde o día en que a conduta se leve a cabo, salvo cando se trate dunha conduta continuada, caso no que o prazo de prescrición non se empezará a computar mentres aquela non cese.
3. No caso das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia, interromperá a prescrición a iniciación, con coñecemento do interesado ou da interesada, do procedemento para a corrección da conduta, e continuarase o cómputo do prazo de prescrición para o caso de producirse a caducidade do procedemento.

MEDIDAS CORRECTORAS.

Principios Xerais

Os Principios xerais das medidas correctoras da presente lei xa están recollidos nas Normas de Convivencia do Centro .

No apartado (pax. 65 do RRI) onde se garante: "Ningún alumno poderá ser privado do exercicio do seu dereito á educación, nin no caso da Educación Secundaria Obrigatoria, do seu dereito á escolaridade", só falta engadir que :

" para estes efectos , non se entenderá como privación do dereito á educación a imposición das correccións que supoñen a suspensión da asistencia ás clases ou o cambio de centro".

Programas e actuacións complementarias ás medidas

1. Como complemento das medidas correctoras previstas, o departamento de Orientación do Centro elaborará e desenvolverá un programa de habilidades sociais dirixido ao alumnado que incorra reiteradamente en condutas disruptivas, coa finalidade de mellorar a súa integración no centro. Así mesmo, elaborará e desenvolverá un programa

de habilidades sociais para que o alumnado que, como consecuencia da imposición das medidas correctoras , se vexa temporalmente privado do seu dereito de asistencia ao Centro.

2. Estes programas aplicaranse en colaboración co profesorado titor e, de ser o caso, cos servizos sociais, e procurarán implicar o resto do profesorado e as familias para lograr, conxuntamente, o desenvolvemento adecuado do proceso educativo e das accións propostas.
3. Crearanse as aulas de convivencia inclusiva, non estables e con vocación de substituír o tempo de expulsión, con apoios e formación específica, que busquen reincorporar o alumnado á súa propia aula no menor tempo posible.

Procedementos conciliados de resolución dos conflitos.

A lei de Convivencia, no seu artigo 20, establece :

1.Regulamentariamente determinarase un procedemento conciliado para resolución dos conflitos de convivencia. A participación do alumnado ou dos seus representantes legais terá carácter voluntario, por solicitude do alumnado ou dos seus representantes legais, e esixirá o compromiso de cumprimento das accións reparadoras.

2.A opción pola conciliación suspende o inicio do procedemento disciplinario de corrección da conduta, que se retomará no caso de que a conciliación sexa infrutuosa. O cumprimento das accións reparadoras dará lugar a finalización do procedemento de corrección da conduta contraria á norma de convivencia.

3.No procedemento, formalizado por escrito, incluírase a intervención dunha persoa instrutora e dunha persoa mediadora.

4.O procedemento formalizado será o que determine o centro, coa aprobación do consello escolar, e que figurará no regulamento de réxime interno.

(O protocolo de actuación figura no apartado correspondente do Equipo de Mediación)

Medidas correctoras das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia.(Artigo 21 da Lei de Convivencia)

As medidas están recollidas no Regulamento de Réxime Interior do Centro.

Medidas correctoras das condutas leves contrarias á convivencia.(Artigo 22 da Lei de Convivencia)

As medidas están recollidas no Regulamento de Réxime Interior do Centro.

Graduación das medidas correctoras.(Artigo 23 da Lei de Convivencia).

A gradación das medidas correctoras figura no Regulamento de Réxime Interior do Centro.

Prescrición das medidas correctoras (Artigo 24 da Lei de Convivencia).

As medidas correctoras das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia prescriben ao ano da firmeza en vía administrativa da resolución que as impón. As medidas correctoras das condutas leves contrarias á convivencia prescriben aos catro meses da súa imposición.

Procedemento para a imposición das medidas correctoras(Artigo 25 da Lei de Convivencia).

O procedemento disciplinario para imposición das medidas correctoras está no Regulamento de Réxime Interior do Centro, sendo a persoa titular da dirección do Centro a quen lle corresponde acordar a incoación do mesmo .

Acoso escolar (Artigo 28 da Lei de Convivencia)

Para os efectos desta lei, considérase acoso escolar calquera forma de vexación ou malos tratos continuados no tempo dun alumno ou alumna por outro ou outra ou outros, xa sexa de carácter verbal, físico ou psicolóxico, incluído o illamento ou baleiro social, con independencia do lugar onde se produza. Terán a mesma consideración as condutas realizadas a través de medios electrónicos, telemáticos ou tecnolóxicos que teñan causa nunha relación que xurda no ámbito escolar.

Protección integral das vítimas (Artigo 29 da Lei de Convivencia)

1.A dirección do Centro adoptará as medidas precisas para garantir ao alumnado vítima de situacións de acoso escolar a protección integral da súa integridade e dignidade persoais e do seu dereito á educación, debendo primar sempre o interese da vítima sobre calquera outra consideración no tratamento destas situacións.

2.A protección da vítima garantírase mediante medidas preventivas que impidan a ameaza, o control ou o contacto entre vítima e causantes da situación de acoso. Arbitraranse medidas para o seguimento dos causantes da situación de acoso que impidan a continuación de eventuais condutas de acoso.

Medidas para a prevención, detección e tratamento das situacións de acoso escolar.(Artigo 30 da Lei de Convivencia)

O plan de convivencia do Centro incluírá un protocolo para a prevención , detección e tratamento das situacións de acoso escolar que incorporará, como mínimo, as seguintes previsións:

- a) Realización de campañas de sensibilización do profesorado, das nais e pais ou das titoras ou titores e do alumnado contra o acoso escolar, que axuden a previlo e preparen a todos os membros da comunidade educativa para detéctalo e reaccionar fronte a el.
- b) Establecemento de canles específicas que faciliten a exteriorización polas vítimas das situacións de acoso escolar.
- c) Determinación das medidas que se deben adoptar no caso de detección dunha situación de acoso escolar para poñerlle fin a esta, sen prexuízo das correccións disciplinarias que correspondan. En todo caso, preverase a designación pola persoa titular da dirección do Centro dunha persoa responsable da atención á vítima entre o persoal do propio centro docente, procurando, cando sexa posible, que a designación recaía sobre una persoa coa que a vítima garde una relación de confianza ou proximidade.
- d) Nos supostos menos graves de situación de acoso, favorecemento da mediación realizada por alumnado do Centro que obtivese formación e cualificación para intervención nestas situacións.